



NOTA INFORMATIVA SOBRE A ADMISIÓN DE ALUMNADO

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 12 de marzo de 2013, (DOG 15 de marzo), na que se desenvolve o Decreto 254/2012 do 13 de decembro pola que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e Nota informativa da Xefatura Territorial, sobre o proceso de admisión do alumnado para o curso 2014-2015. (Están á disposición da Comunidade Educativa na Secretaría do Centro.)

ASPECTOS A TER EN CONTA:

1. Cada alumno só pode presentar una única solicitude no centro que solicite en primeiro lugar.
2. Xunto co impreso de solicitude deben presentar fotocopia do DNI dos pais e do alumno/a. Se non o ten fotocopia do libro de familia da folla no que conste.
3. O alumnado ten garantida a permanencia no centro. Se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá presentar copia da mesma, no centro de orixe.
4. O alumnado que ten reservada praza nun centro adscrito (1º de E. primaria e/ou 1º de ESO), se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar no centro de orixe a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitude de admisión.
5. A presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: **24 de marzo ao 3 de abril**.
6. A publicación das listaxes provisionais de alumnas e alumnos admitidos e non admitidos: até o **25 de abril**. Contra esta listaxe poderá formular reclamación no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o Consello Escolar.
7. O **IPREM** correspondente ao ano 2012 está cifrado en **6.390,13€**. (Para calcular a renda per cápita deben sumar as casiñas da Declaración da Renda 455 + 465 se é conxunta, ou de ambas declaracións se é individual, e dividir entre o número de membros da unidade familiar) .



8. *“No caso de presentar contrato de aluguer **non se aceptarán** aqueles contratos nos que non se aporte o xustificante de **déposito que emite o IGVS** segundo establece o artigo 11 do Decreto 42/2011, do 3 de marzo, polo que se establece o procedemento para o depósito das fianzas dos arrendamentos relativos a predios urbanos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.” Segundo NOTA INFORMATIVA ENVIADA POLA XEFATURA TERRITORIAL sobre a admisión de alumnado para o curso 2014/15.*
9. Segundo o punto 4 do Artigo 14, da ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sobre a Solicitud de Admisión da : **“No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitud de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.”**
10. Centro adscrito: IES LAXEIRO.
11. As letra que saíron no sorteo en caso de empate no baremo este ano foron “I”- “R”, para o primeiro apelido, e “K”- “B” para o segundo apelido.
12. Área de influencia: plano adxunto.
13. Este Centro oferta servizo de comedor.
14. **O prazo para formalizar a matrícula: Do 20 ao 30 de xuño.**
15. **Criterio complementario establecido por este Centro aprobado polo Consello Escolar:**
- 1 punto por zona de influencia do domicilio familiar.

Lalín, a 28 de febreiro do 2014.

CEIP MANUEL RIVERO